



CPI DOS DICES

PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DE XORNADA LECTIVA EN SESIÓN ÚNICA DE MAÑÁ

ÍNDICE:

- 1 Datos xerais.
 - 1.1 Denominación do centro.
 - 1.2 Enderezo.
 - 1.3 Niveis educativos que nel se imparten.
 - 1.4 Número de alumnos/as escolarizados.
 - 1.5 Número de alumnos/as transportados.
 - 1.6 Número de alumnos/as comensais.
 - 1.7 Horario que se propón.
 - 1.8 Viabilidade do proxecto.

- 2 Proxecto pedagógico-didáctico sobre a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá.
 - 2.1 Obxectivos que deberá acadar o centro coa xornada lectiva solicitada.
 - 2.1.1 Obxectivos de organización.
 - 2.1.2 Obxectivos didácticos.
 - 2.1.3 Obxectivos de realización.
 - 2.2 Organización do centro dacordo co novo tipo de xornada.
 - 2.2.1 Agrupamento do alumnado.
 - 2.2.2 Organizacióndo profesorado e adicación nas tardes.
 - 2.2.3 Servizo de comedor e transporte escolar.
 - 2.2.4 Relación cos pais e función titorial.
 - 2.2.5 Plan de actividades extraescolares que se desenvolverán polas tardes.

- 3 Análise global e conclusión.



**PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DE XORNADA LECTIVA
EN SESIÓN ÚNICA DE MAÑÁ**

1. DATOS XERAIS.

1.1. Denominación do centro: Centro Público Integrado dos Dices

1.2. Enderezo: Os Dices, s/n. Rois. 15911. A Coruña.

1.3. Niveis educativos que nel se imparten:

-Educación Infantil.

-Educación Primaria.

-Educación Secundaria Obrigatoria.

1.4. Número de alumnos/as escolarizados: 247 alumnos/as

1.5. Número de alumnos/as transportados: 200 alumnos/as

1.6. Número de alumnos/as comensais: 157 alumnos/as

1.7. Horario que se propón:

O horario proposto de luns a venres será entre as 8:45h. e as 13:45h. para Educación Infantil e Primaria, e de 8:45h. a 14:15h. en Educación Secundaria Obrigatoria máis unha tarde entre as 15:45h e as 17:25h, cun recreo de 30 minutos no medio da xornada, dacordo coa seguinte disposición:

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA	
1ª SESIÓN	8:45-9:35
2ª SESIÓN	9:35-10:25
3ª SESIÓN	10:25-11:15
RECREO	11:15-11:45
4ª SESIÓN	11:45-12:45
5ª SESIÓN	12:45-13:45



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DOS DICES

15911 ROIS (A Coruña)

Teléfono 981 804 270 Fax 981 800 064 e-correo: cpi.dos.dices@edu.xunta.es

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
1ª SESIÓN	8:45-9:35
2ª SESIÓN	9:35-10:25
3ª SESIÓN	10:25-11:15
RECREO	11:15-11:45
4ª SESIÓN	11:45-12:35
5ª SESIÓN	12:45-13:25
6ª SESIÓN	13:25-14:15

Máis unha tarde	
7ª SESIÓN	15: 45- 16:35
8ª SESIÓN	16:35- 17:25

Deste xeito, todo o alumnado que emprega o transporte escolar comerá no comedor escolar dacordo coa seguinte organización: Educación Infantil e Primaria entre as 13:45h e as 14:15h, Educación Secundaria Obrigatoria entre as 14:15h e as 14:45h., estando a saída de transporte escolar prevista para as 15:00h. O cálculo de tempo necesario para o xantar facémolo en función do tempo empregado actualmente polo alumnado (30 minutos).Tra-lo xantar e antes de coller o transporte haberá tempo de lecer no patio, tanto para EI / EP como para ESO.

1.8.-Viabilidade do proxecto:

A viabilidade deste proxecto de implantación de xornada única pasa polo análise, fundamentalmente, de dous factores: a compatibilidade de horarios con centros cos cales se comparte o servizo de transporte escolar, e o custo económico que suporá a implantación da nova xornada.

Respecto do primeiro, o noso centro, CPI dos Dices, tan só comparte unha empresa de transportes con outro centro, o CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, de Dodro. O seu horario de entrada é ás 9:00 horas, e o noso pasaría a ser ás 8:45 horas. Tendo en conta a proximidade de ambos centros, así como a pequena superficie do concello de Dodro, consideramos que debería ser suficiente para poder cumprir con ambos centros. De tódolos xeitos, a coordinación entre estes dous centros educativos sempre foi notable, e de ter que modificar levemente este horario, estou certo que non habería maior problema.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DOS DICES

15911 ROIS (A Coruña)

Teléfono 981 804 270 Fax 981 800 064 e-correo: cpi.dos.dices@edu.xunta.es

O horario de saída do centro de Dodro é ás 14:20 horas. Ao ser no noso centro ás 15:00 horas non debería haber problema algún, xa que o período entre un e outro é suficiente, incluso maior que o actual de entrada.

Respecto do segundo, o custe económico, estamos en condicións de afirmar que **a xornada única suporía un aforro considerable de diñeiro, xa que se suprimirían un total de cinco liñas de transporte** (catro de mediodía, a saber: itinerario nº1, itinerario nº4, itinerario nº 6 e itinerario nº9; e unha liña completa segundo a previsión de alumnado para o 2010-2011). A cambio disto, e para poder dar servizo a tódolos novos usuarios de comedor, sería necesario incrementar en unha persoa máis o persoal de cociña (de dúas a tres). Isto de inicio, xa que cabe a posibilidade de que en cursos futuros o comedor sexa xestionado por algunha entidade externa ao centro si se implanta a xornada única.



2. PROXECTO PEDAGÓXICO-DIDÁCTICO SOBRE A IMPLANTACIÓN DA XORNADA LECTIVA EN SESIÓN ÚNICA DE MAÑÁ.

2.1. Obxectivos que deberá acadar o centro coa xornada lectiva solicitada:

2.1.1. Obxectivos de organización:

- Estructurar de xeito racional o tempo de traballo e lecer do alumnado.
- Incrementar o rendemento do alumnado nas sesións lectivas, dado o escaso rendemento que se acada nas sesións vespertinas.
- Favorecer a organización do propio tempo de ocio do alumnado.
- Potenciar o tempo de estudo, de clases de reforzo, de actividades extraescolares, etc. nas tardes libres.

2.1.2. Obxectivos didácticos:

- Concentrar o traballo do alumnado na xornada matinal, dado o maior rendemento que se acada.
- Fomentar o uso das instalacións do centro (aula de informática, biblioteca, clases de reforzo e recuperación de materias pendentes...) nas tardes libres.
- Favorecer o desenvolvemento en áreas plásticas, musicais, deportivas, artísticas... nas tardes libres mediante actividades extraescolares.
- Proporcionar un maior tempo de traballo e estudo ó alumnado.
- Potenciar o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación nas distintas áreas que compoñen o currículo, ó poderen utilizar as aulas de informática do centro polas tardes.
- Harmonizar esixencias da educación actual e os seus parámetros constructivistas coas posibilidades reais do alumnado de ter dispoñibilidade temporal e de medios para levala a cabo.

2.1.3. Obxectivos de realización:

- Coordinar o transporte escolar entre o noso centro e o C.P.I. Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro (A Coruña) para poder levar a cabo este proxecto.



- Extender o servizo de comedor a todo o alumnado que utiliza o transporte escolar, co cal se aforraría o transporte de mediodía actual.
- Favorecer unha conciliación entre a vida laboral e familiar, posto que o alumnado chegaría ás casas tra-lo xantar nun horario entre as 15:05h e as 15:40h (alumnado con transporte escolar sen actividades extraescolares) ou a partires das 17:30h (alumnado con transporte escolar con actividades extraescolares).
- Ofrecer os servizos vespertinos de uso de biblioteca, salas de informática e clases de reforzo e recuperación de materias pendentes coa presenza de profesorado en todas elas.
- Acadar da ANPA e o Concello a colaboración necesaria para poder ofertar actividades extraescolares de tipo artístico, musical, plástico e deportivo.

2.2. Organización do centro dacordo co novo tipo de xornada.

2.2.1. Agrupamento do alumnado.

O agrupamento do alumnado seguirá o parámetro racional actual. Os principais cambios que se producirán serán:

- ✓ todo o alumnado que empregue o transporte escolar comerá tamén no comedor escolar, agás aqueles que expresamente non o desexen e sexan recollidos polos pais ou titores legais ó rematar a xornada lectiva;
- ✓ o alumnado de ESO pasará de cinco xornadas vespertinas a unha soa de clase, co cal as outras catro poderase organizar o alumnado interesado e necesitado en grupos para as clases de reforzo ou recuperación;
- ✓ grupos como o clube de lectura existente no centro ou outros grupos que se crearían (novas tecnoloxías e robótica, obradoiros de comunicación escrita, clube de matemáticas, grupo de ecoloxía...) terían espazo e tempo no centro para traballar, co profesorado responsable, en diferentes proxectos educativos.
- ✓ actividades como o teatro escolar, de grande presenza no noso centro e con éxitos notables en anos anteriores, pasaría de organizarse en horario de recreo (incluso comendo un bocadillo a



mediodía profesorado e alumnado implicados para ter tempo) a ser outra das actividades convocadas dende o centro polas tardes. Polo demáis, os grupos-clase continuarían na mesma tónica de agrupamento.

2.2.2. Organización do profesorado e adicación nas tardes.

Á marxe da organización actual que marca a lei, ábrese un amplo abano de posibilidades para poder establecer cooperación didáctica entre profesorado, así como proxectos interdisciplinares en torno a un núcleo de interese, xa que ó dispoñer das tardes para poder traballar con grupos de alumnos/as e das instalacións necesarias poderanse levar a cabo obradoiros, grupos temáticos e iniciativas que esperten a curiosidade científica, humanística, tecnolóxica ou artística no alumnado.

Outro aspecto positivo en canto á organización do profesorado supón a posibilidade de levar a cabo as reunións de departamentos ou ciclos de primaria nas tardes, o cal favorece a coincidencia do profesorado. Tamén outras funcións, como a atención a pais ou titorías a alumnado con necesidades educativas especiais. En anos anteriores leváronse a cabo actividades diversas no noso centro como escola de pais, salón de lectura, diferentes charlas a pais e nais sobre orientación académica e profesional, educación sexual, educación para a saúde, etc., que terían un lugar preferente na nova estruturación temporal do centro, contribuíndo así a estender a labor educativa ás familias e a todo o concello.

Ademáis do profesorado de secundaria que estea adicado ás clases de tarde necesarias que se levarán a cabo un día á semana, o centro estará aberto en horario de 15:45 a 17:25 tódolos días. O profesorado que non imparta ditas clases poderá organizar actividades complementarias como se especifica máis arriba, pero tamén se prestarán outros servizos educativos:

- A biblioteca escolar estará aberta e atendida por profesorado que, á marxe de facilitar a realización de traballos ou deberes dos alumnos, dinamizará a biblioteca fomentando a lectura entre o alumnado.
- A aula de informática do centro estará aberta para o uso educativo do alumnado, que poderá levar a cabo traballos ou proxectos das diferentes áreas didácticas e tamén incorporarse ós proxectos europeos de diversa índole en torno ás TIC.
- Organizaranse clases de reforzo e de recuperación de materias pendentes para todos aqueles alumnos/as que así o precisen,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DOS DICES

15911 ROIS (A Coruña)

Teléfono 981 804 270 Fax 981 800 064 e-correo: cpi.dos.dices@edu.xunta.es

fundamentalmente naquelas áreas que presentan un maior índice de suspensos.

Tamén se favorecerá a participación do alumnado nas diferentes conmemoracións que se contemplan no curso escolar segundo marca a lei: xornada escolar da paz, xornada escolar da muller traballadora, xornada escolar da árbore e o medio ambiente, xornada escolar do libro, da prensa, etc. xa que o alumnado poderá empregar determinadas tardes nesas actividades.

Respecto á revista escolar e web do centro, o esforzo que se realiza actualmente para que poidan cumprir coas súas funcións educativas e divulgativas sobre a vida do centro empregando clases de diversas áreas para que poidan saír adiante, veríase notablemente reducido, facendo moito máis racional o seu proceso de elaboración ou mantemento levando a cabo o traballo polas tardes.

2.2.3. Servizo de comedor e transporte escolar.

O transporte escolar actual está coordinado co C.P.I. Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro (A Coruña), de xeito que en dito centro a xornada escolar comeza ás 9:00h, e no noso centro (C.P.I. dos Dices – Rois) comeza ás 9:30h. Ademáis, actualmente a mediodía funcionan varias liñas de transporte que se suprimirían. Simplemente se precisarían as mesmas liñas que funcionan actualmente, pero con entrada ás 8:45h e con saída ás 15:00h. Únicamente habería que dispoñer un transporte exclusivamente para o alumnado de E.S.O. ás 17:25 o día que este alumnado teña clase pola tarde. O aforro en transporte escolar é, deste xeito, considerable.

Faise preciso o compromiso tanto do Concello de Rois como da ANPA do noso centro de tratar de poñer á disposición do alumnado (subvencionando ou axudando ás familias) que desexe participar nas actividades que organizará o centro polas tardes, ou ben nas actividades extraescolares que Concello e ANPA, en coordinación co C.P.I. dos Dices organicen para establecer un transporte que poida levar ás súas casas a estes alumnos e alumnas.

O comedor escolar no noso centro é un elemento educativo de primeira orde no que atinxe á educación para a saúde a través da nutrición. Actualmente presentamos uns menús, que modificamos e actualizamos trimestralmente que teñen como principal obxectivo o de ser educativos en temas nutricionais, dende Educación Infantil ata a E.S.O. Por iso consideramos importante que o maior



número de alumnos/as poidan facer uso do noso servizo de comedor, ademáis de que sería un elemento favorecedor da conciliación entre a vida laboral e familiar. Na nova estruturación da xornada escolar, o comedor presenta moitas máis posibilidades tanto educativas como de extenderse á inmensa maioría do alumnado do centro polos seguintes motivos:

- O alumnado de Educación Infantil e Primaria xantaría só (sen o alumnado de ESO), porque estaría estruturado en dúas quendas. Así poderíamos contar con coidadores/as que se ocupen das necesidades específicas do alumnado desta franxa etaria tan importante na adquisición de hábitos alimentarios.

- O alumnado de E.S.O. xantaría máis tarde, tamén sen o alumnado de Infantil e Primaria, o cal tamén favorece unha atención máis individualizada ante posibles problemas relacionados coa alimentación que se fan cada vez máis frecuentes nestas idades.

- O alumnado que actualmente vai comer ás casas en transporte escolar de mediodía comería no comedor escolar, xa que gracias á nova estruturación en quendas habería espazo para eles. Isto suporía un importante beneficio para un grande número de alumnos e familias.

Ademáis, o comedor estaría aberto a calquera alumno ou alumna que, sen ter dereito a él por cuestións de cercanía ó centro, desexase beneficiarse deste servizo por cuestións familiares ou relacionadas co centro e coas actividades vespertinas.

Ao modificarse a xornada escolar matutina e ser ésta máis longa, no recreo da mañá ofrecerase ao alumnado por conta do comedor escolar diferentes alimentos que resulten beneficiosos dende o punto de vista nutricional (froita, zumes...). Cabe destacar que no noso centro xa levamos dous cursos repartindo froita de tempada no recreo, para tódolos alumnos e alumnas e de xeito totalmente gratuíto.

2.2.4. Relación cos pais e función titorial.

Actualmente, a relación coas familias é complicada pola escasa dispoñibilidade que presentan os pais e nais por motivos fundamentalmente laborais. A obriga de ter que atendelos en horario de mañá dificulta a relación. A función titorial e atención a alumnos en xeral é tamén complicada debido a que é preciso atendelos nos únicos momentos en que tanto alumnos como profesores teñen libres, é dicir, nos tempos de recreo. Isto complícase especialmente no caso dos alumnos que precisan clases de recuperación de materias pendentes. A nova estruturación en xornada de mañá permitiría as seguintes melloras:



- A atención a pais e nais sería en horario de tarde, moi favorable para moitos que teñen unha xornada laboral que non lles permite vir ó centro pola mañá.
- A función titorial tería unha extensión nas tardes sen clase, tanto para traballar temas transversais ou de organización do propio grupo-clase, como para resolver conflitos internos ou preparar determinadas actividades que tradicionalmente no noso centro son responsabilidade das titorías.
- A atención a alumnos por calquera outro asunto tamén se vería enormemente favorecida. Cabe facer mención especial a dúas cuestións que afectan especialmente ao noso alumnado: problemas familiares ou de saúde e orientación académica e profesional.
- As clases de reforzo a alumnos con problemática específica nalgunha área tamén se levarían a cabo polas tardes, así como as clases de recuperación de materias pendentas, algo que agora se realiza contrarreloxo en tempos de recreo.

2.2.5. Plan de actividades extraescolares que se desenvolverán polas tardes.

Dende o centro escolar vanse estruturar as xornadas de tarde tal e como se especificou máis arriba, atendendo diferentes aspectos do currículo a base de poñer á disposición do alumnado as instalacións e profesorado do centro. Eses aspectos xa se comentaron máis arriba. Neste apartado simplemente voltamos mencionar algún dos proxectos que se poñerían en práctica nas tardes libres:

- novas tecnoloxías e robótica,
- teatro escolar,
- clube de lectura,
- obradoiros de comunicación escrita,
- clube de matemáticas,
- grupo de ecoloxía,
- grupo de elaboración da revista escolar,
- grupo de mantemento da web escolar,
- organización da semana da prensa, día do libro, día da muller traballadora, xornada contra a violencia de xénero, etc.
- outros proxectos que xurdirían da demanda do aumnado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DOS DICES

15911 ROIS (A Coruña)

Teléfono 981 804 270 Fax 981 800 064 e-correo: cpi.dos.dices@edu.xunta.es

As actividades extraescolares propiamente ditas serán ofertadas pola ANPA principalmente, e tamén polo Concello de Rois. Actualmente existe unha ampla oferta de actividades deportivas, de aprendizaxe informático e musicais, pero a demanda por parte do alumnado é moi escasa por non contar con tempo para levalas a cabo nin posibilidades de transporte para regresar despois ás súas casas. No caso de implantarse a xornada única existirían as seguintes actividades extraescolares (segundo os contactos que a día de hoxe levamos realizado con responsables da ANPA e do Concello de Rois):

ACTIVIDADE	ORGANIZA	LUGAR	PAGAMENTO
Fútbol sala	ANPA	Polideptv.	ANPA + cota
Patinaxe	ANPA	Polideptv	ANPA + cota
Tenis	ANPA	Polideptv	ANPA + cota
Natación	ANPA e Colexio	Pisc. Padrón	ANPA + cota
Psicomotricidade	ANPA	Polideptv	ANPA + cota
Linguaxe musical	Concello	Escola músic.	Cota concello
Acordeón	Concello	Escola músic	Cota concello
Guitarra	Concello	Escola músic	Cota concello
Saxofón	Concello	Escola músic	Cota concello
Música e movemento	Concello	Escola músic	Cota concello
Percusión	Concello	Escola músic	Cota concello
Clarinete	Concello	Escola músic	Cota concello
Baile tradicional	Asoc. Chorima	Polideptv	Cota asociación
Pandereteiras	Chorima	Salón de actos	Cota asociación
Gaita	Chorima	Salón de actos	Cota asociación
Teatro	ANPA	Salón de actos	ANPA + cota
Pintura e debuxo	ANPA	Colexio	ANPA + cota
Informática	ANPA e Concello	Colexio e Concello	ANPA + cota

Cabe resaltar a estes efectos que moitas destas actividades xa se están a realizar dende hai anos, co que a súa viabilidade está fóra de dúbida. Ademais, as instalacións onde se impartirían son:

- Pavillón Polideportivo: dentro do recinto escolar.
- Escola de música: lindante co recinto escolar e con acceso directo dende o mesmo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DOS DICES

15911 ROIS (A Coruña)

Teléfono 981 804 270 Fax 981 800 064 e-correo: cpi.dos.dices@edu.xunta.es

-Salón de actos: ou ben no propio do centro (cun acondicionamento deficiente), ou ben no Edificio Multiusos do Concello (a escasos 4 minutos a pé do recinto escolar).

-Piscina de Padrón: sería preciso o uso de transporte, pero é unha actividade que xa se está a levar a cabo con notable éxito.

O horario dispoñible para levar a cabo estas actividades é de 15:00h a 17:30h, se ben hai que establecer diferencias entre Infantil/Primaria e E.S.O.

O alumnado de Ed. Infantil e Primaria remata o xantar ás 14:15h. A continuación teñen un recreo de 45 minutos e ás 15:00h poderían comezar as actividades extraescolares, ata as 17:30h, hora na que partiría o bus (necesaria colaboración da ANPA e Concello) ou os virían buscar os familiares.

O alumnado de E.S.O. remata o xantar ás 14:45h. Sería recomendable un período de 30 minutos como mínimo de lecer e ás 15:15 comezarían as actividades extraescolares. Todo isto agás o día no que teñen clase pola tarde, por suposto. As actividades durarían ata as 17:30h, cando collerían o bus para a casa.

Como se especificou previamente, este transporte posterior ás actividades tería que ser sufragado conxuntamente por Concello (ou Deputación Provincial), ANPA e familias. A inclusión deste servizo no prezo das actividades faría incrementar éste lixeiramente e deste modo non habería trastorno para as familias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DOS DICES

15911 ROIS (A Coruña)

Teléfono 981 804 270 Fax 981 800 064 e-correo: cpi.dos.dices@edu.xunta.es

3. ANÁLISE GLOBAL E CONCLUSIÓN:

Consideramos que a xornada única de mañá é positiva para o CPI dos Dices polos seguintes motivos:

-Favorecería o rendemento académico do alumnado en xeral, como os propios alumnos teñen manifestado en diversas ocasións a esta dirección.

-Favorecería a vida de moitas familias vinculadas a este centro. De feito foi a propia AMPA a que solicitou a posta en marcha deste proxecto.

-Os alumnos de menor idade que non viven próximos ao centro non se desprazan a este centro por corresponderlles escolas unitarias ou o CEIP de Pumar-Urdilde. Queremos dicir con isto que non terían que madrugar estes alumnos máis pequenos, xa que os que veñen de máis lonxe son todos de ESO.

-O custe económico para a Consellería, en materia de Servizos Complementarios, reduciríase considerablemente con respecto ao actual, por suprimir cinco liñas de transporte a cambio dunha persoa máis na cociña (e algúns comensais máis).

-Permitiría ofertar uns servizos á comunidade educativa que agora non se pode (biblioteca aberta polas tardes, aula de informática, atención a alumnado que o precise, a familias, etc.)

-Propiciaría a participación en actividades extraescolares por parte do alumnado, tanto deportivas como musicais, artísticas..., tan importantes para o desenvolvemento persoal.

-Fomentaría o hábito do estudo, da lectura e da participación en proxectos interdisciplinares.

Por todo isto e máis motivos, consideramos importante a aprobación deste proxecto de implantación de xornada única, amosándonos dispostos a modificalo no que sexa preciso para que cumpla cos requisitos necesarios para elo.